

## **XUIZO E SENTENCIA DO MECO 2019**

Ante todos os aquí presentes, imos comezar o xuízo e posterior sentenza deste Meco que neste Entroido nos acompaña.

Despois do inferno vivido en outubro do ano 2017, no que todos nós fomos vítimas dun espectáculo que hoxe recordamos con gran tristura, onde sentímonos impotentes e cheos de rabia polo poder despiadado do lume, que arrasou sen compaixón os nosos bosques, **queremos volver reivindicar a beleza das nosas paisaxes** e ao mesmo tempo, **comunicar as tristes consecuencias derivadas do sufrimento dos nosos montes**, traducidas nos **perxuizos para as plantas, os animais e as persoas na nosa contorna**. Por todo isto, imos dicir que :

**-Non queremos** nen máis lume, nen máis cinza, nen máis fume que encha os nosos ollos de bágoas.

**-Queremos** recuperar montes cheos de vida para as persoas, as plantas e os animais

**-Queremos** disfrutar, baixo as árbores, do manto fresco da súa sombra e descansar acompañados polo son das follas movidas polo vento e polo rechouchío dos paxaros. Por iso, dende o noso cole, este curso lanzamos o lema:

**"BOTÁMONOS AO MONTE" :**

♥ PARA DEFENDELO

♥ PARA PROTEXELO

♥ PARA COIDALO

♥ PARA HONRALO

♥ PARA DISFRUTALO

Dito isto, considerando que ti, "**Chama**", simbolizas os incendios, polo poder que me otorga o Santo Entroido e animado polos desexos de todos, teño a ben **condenar a arder no lume purificador** ao **Meco deste Entroido 2019**.

Sen bosques, sen árbores non hai futuro: **COIDÉMOLOS**.

**"BOTÉMONOS AO MONTE"**